

ANTEPROXECTO  
COMUNICADO Nº 331/23  
7 DE DECEMBRO DE 2023

2024

REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE  
GALICIA DE SLÁLÓM 2024



FEDERACIÓN GALEGA DE  
AUTOMOBILISMO

- ARTIGO 1: APLICACIÓN.**
- ARTIGO 2: DEFINICIÓNS.**
- ARTIGO 3: ASPIRANTES.**
- ARTIGO 4: VEHÍCULOS ADMITIDOS.**
- ARTIGO 5: CLASIFICACIÓNS DAS PROBAS.**
- ARTIGO 6: PUNTUACIÓNS.**
- ARTIGO 7: CLASIFICACIÓN FINAL.**
- ARTIGO 8: INSCRICIÓNS E LISTAS DE INSCRITOS.**
- ARTIGO 9: PREMIOS POR PROBA.**
- ARTIGO 10: PREMIOS FINAL DE TEMPADA.**
- ARTIGO 11: DESENROLO DA PROBA.**
- ARTIGO 12: SEGURIDADE**
- ARTIGO 13: REGULAMENTO, ACTAS E INFORMES.**
- ARTIGO 14: PARTICIPANTES.**
- ARTIGO 15: SEGURO.**
- ARTIGO 16: NÚMEROS E PUBLICIDADE OBRIGATORIA E OPTATIVA.**
- ARTIGO 17: RECURSOS MÉDICOS E SANITARIOS.**
- ARTIGO 18: PARQUE PECHADO E DE TRABALLO.**
- ARTIGO 19: CALENDARIO CAMPIONATO DE GALICIA DE SLALOM**

**ANEXOS:**

- ANEXO 1: NORMAS A CUMPLIR.**
- ANEXO 2: PENALIZACIÓNS.**
- ANEXO 3: REGULAMENTO PARTICULAR.**
- ANEXO 4: SINALIZACIÓN E MONTAXE.**
- ANEXO 5: INFORME TIPO.**
- ANEXO 6: ELEMENTOS SEGURIDADE DEPORTISTA.**
- ANEXO 7: REGULAMENTO TÉCNICO DE VEHÍCULOS.**

A Federación Galega de Automobilismo, establece para o 2024, un Campionato de Galicia de SláloM.

## **ARTIGO 1: APLICACIÓN.**

- 1.1** As prescricións comúns dos campionatos e copas de Galicia desta tempada.
- 1.2** O presente regulamento xeral e seus Anexos.
- 1.3** O regulamento Particular da proba.
- 1.4** O C.D.I.
- 1.5** As prescricións xerais aplicadas a tódolos campionatos FIA.

## **ARTIGO 2: DEFINICIÓNS.**

Un sláloM é unha proba de habilidade ó volante, que se desenrolará sobre un pavimento plano, asfaltado, en cementado ou co 20% en superficie en terra, que comporta cambios de dirección marcados preferentemente por obstáculos, como conos ou portas. En ningún caso o percorrido incluírá saltos, zonas bacheadas ou gravilla. Queda terminantemente prohibido, so pena de exclusión da proba do Campionato de Galicia de SláloM do mesmo ano, facer un treito de velocidade encuberto en vez dunha proba de habilidade con conos, portas, trompos, etc. Ou sexa, un SláloM con aportación de plano e percorrido ó uso segundo a normativa da especialidade en cuestión e o Regulamento do Campionato de Galicia de SláloM 2024.

## **ARTIGO 3: ASPIRANTES.**

- 3.1.** Todos aqueles que cumpran cos requisitos sinalados no ANEXO I DAS PRESCRIPCIÓNS COMÚNS.
- 3.2.** Considéranse Debutantes, todos aqueles participantes que teñan por primeira vez a licenza de piloto, non téndose en conta as licencias de piloto de Karting nin as restrinxidas doutras modalidades que non sexan sláloM.

## **ARTIGO 4: VEHÍCULOS ADMITIDOS.**

**4.1.** As probas deben prever, como mínimo, as seguintes clases:

**AGRUPACIÓN I:** Vehículos de competición de tracción dianteira e de cilindrada ata 1.200 c.c.

**AGRUPACIÓN II:** Vehículos de competición de tracción dianteira e de cilindrada dende 1.201c.c. ata 1.600 c.c.

**AGRUPACIÓN III:** Vehículos de competición de tracción dianteira e de cilindrada a partir 1.601 c.c.

**AGRUPACIÓN IV:** Vehículos de competición de propulsión traseira e de calquera cilindrada.

**AGRUPACIÓN V:** Vehículos de competición de tracción total, incluídas tódalas cilindradas.

**AGRUPACIÓN VI:** Vehículos Prototipos (vehículos con carrocería tipo turismo, de chasis monocasco, semitubular ou tubular, que así estean homologados).

**AGRUPACIÓN VII:** vehículos de serie de tracción dianteira e de cilindrada ata 1.200 c.c. (son os vehículos de serie).

NOTA 1: No caso de motores sobrealimentados, a cilindrada calcúlase multiplicando a propia cilindrada polo coeficiente 1'5. (ex. Un vehículo con motor 1.000c.c. turbo, sería Agrupación 2, equivalente a cilindrada 1.500c.c., xa que o resultado ven de multiplicar 1.000c.c. por 1'5= 1.500c.c.)

NOTA 2: Para os vehículos de enerxías alternativas (eléctricos, híbridos,..), a Organizador consultará a Comisión de Traballo de SláloM, que valorará a Agrupación en cal encaixalo, en función da ficha técnica dos ditos vehículos.

**4.2.** Poderán participar toda clase de vehículos de turismo, con carrocería cerrada e o teito duro, dun mínimo de dúas prazas e que estean homologados, ou non, que proveñan de series de fabricación.

**4.3.** Autorízase o uso de pneumáticos de competición (slicks ou similares), e prohíbese a utilización dos denominados de: tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.

**4.4.** Non se admitirán vehículos prototipos artesanais. (Carcross, Speed-Car, ou similares).

**4.5.** Características dos vehículos da **AGRUPACIÓN VII (VEHÍCULOS DE SERIE)**:

-Vehículos atmosféricos de tracción, de estrita serie e con cilindrada máxima 1.200cc.

-Non se pode modificar motor de serie (árbores de levas, carburadores,...)

-Non se pode modificar admisión de serie.

-Non se pode modificar a centralita de orixe.

-Deberá contar con tódolos reforzos de serie de portas, capó e demais elementos da carrocería.

-Non se pode variar a relación de cambio de serie.

-Sen autoblocante.

-Será necesario ter asentos, tapizados, bandexa,... O asento de condutor de serie ten que estar inmovilizado-fixo (sen corredeira) e co cinto de seguridade de serie. Permítese asento deportivo tipo baket, caso no que debe levar arneses de catro a seis puntos de ancoraxe.

-Sen barras antivolco, permitíndose por motivos de seguridade que as monte e que así estea reflexado na ficha técnica, non podendo estar homologado como vehículo de competición.

-Sen separadores.

-Con pneumáticos de calle e de grandes series: prohíbese a utilización dos denominados de tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.

-Con suspensión tipo calle (que pase a ITV: tipo Selex, Koni,..). Non se permite suspensión homologadas de tipo roscado en botellas independentes.

-Non se poderá modificar estabilizadoras dianteiras nin traseiras: diámetros,...

-No caso de levar barras de torsión, non se poderá modificar o diámetro destas.

-No caso de levar ballestas, non se poderá modificar o número destas.

-Non se pode modificar colectores de escape. Permítese a modificación do sistema de escape, por outro que teña a homologación CE/E9, e cos sistemas de catalizado correspondentes: válido para pasar a ITV.

-Con ITV en vigor.

-Permítese a modificación do volante.

-Permítese, por motivos de seguridade, a monta de parrillas ou barras de luces cando as condicións climatolóxicas ou a hora na que se celebre o evento, así o aconsellen.

-Non se permite que leve roda de repostos.

-As fiestras laterais dianteiras de cristal deberán levar na súa parte interior, unha lámina antiroturas translúcida e incolora.

NOTA: Todo o non establecido neste documento está prohibido.

## **ARTIGO 5: CLASIFICACIÓN DAS PROBAS.**

Serán establecidas as clasificacións seguintes:

**5.1.** Unha clasificación xeral absoluta e unha clasificación por Agrupacións (I,II,III,IV,V,VI,VII) para o Campionato.

**5.2.** Unha clasificación para Copa Debutantes para o Campionato.

**5.3.** Unha clasificación para Escuderías para o Campionato.

## **ARTIGO 6: PUNTUACIÓN.**

**6.1.** Despois de cada proba, puntuable e para cada unha das agrupacións, serán atribuídos os puntos ós pilotos, segundo a súa clasificación e de conformidade co seguinte baremo:

<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3</b>	<b>4º</b>	<b>5º</b>
<b>5</b>	<b>4</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>1</b>

**6.2.** Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch:

<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3</b>	<b>4º</b>	<b>5º</b>	<b>6º</b>	<b>7º</b>	<b>8º</b>	<b>9º</b>	<b>10º</b>	<b>11º</b>	<b>12º</b>	<b>13</b>	<b>14º</b>	<b>15º</b>
<b>35</b>	30	27	24	21	18	15	12	10	8	6	5	4	3	2

**Outorgaráselle un punto a partir do 15, a todos os que finalicen a proba.**

**6.3.** Os puntos obtidos, de acordo co indicado nos apartados 6.1. e 6.2., serán sumados ó total da proba considerada.

## **ARTIGO 7: CLASIFICACIÓN FINAL.**

**7.1.** A clasificación final do Campionato de Galicia de Sláalom 2024, as súas Agrupacións e Copas, será establecida entre aqueles pilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha.

**7.2.** Para a clasificación final xeral, das Agrupacións e Copas, reteranse e sumaranse os resultados de todas as probas celebradas no calendario deste menos unha no cómputo final, de celebrarse ata 6 probas; menos dúas no cómputo final si se celebran máis de 6 e ata 10 probas; ou menos 3 no cómputo final se se celebran máis de 10 probas.

**7.3.** Se un participante abandona ou é descalificado por exceso de penalizacións dunha proba, a mesma poderase descontar para clasificación final. Cando un participante sexa excluído dunha proba, non poderá descontar ese resultado para a clasificación final do campionato.

**7.4.** No caso de empate:

**7.4.1.** Si nas clasificacións finais varios participante tiveran igual número de puntos, teríase en conta os primeiros postos, os segundos postos, os terceiros, e así sucesivamente ata que se desfixera o citado empate.

**7.4.2.** De persistilo empate gañará o que fixera o primeiro mellor resultado.

## **ARTIGO 8: INSCRICIÓNS E LISTAS DE INSCRITOS.**

**8.1.** As inscricións faranse online, a través da web da FGA, e deberán de ser remitidas ao Comité Organizador, xunto coa licencia de piloto e de concursante. Tamén será necesario remitir ao Comité Organizador a Ficha técnica, o SOA e a ITV en vigor do vehículo co que se inscribe, así como o xustificante de pagamento da inscrición da proba. No formulario de inscrición aparecerá como mínimo, en que Agrupación se inscribe e tamén se o participante se inscribe na Copa Debutantes.

**8.2.** Cando un Organizador considere a posibilidade de ampliar o prazo de inscrición, deberá solicitalo debidamente motivado a F.G.A. para dita autorización.

**8.3.** Establécense, para cada unha das probas puntuables, uns dereitos de inscrición de 85 €, aceptando a publicidade do organizador, e dereitos dobres non aceptando a publicidade do organizador.

**8.4.** O Vixente Campión Galego de Sláalom 2023, deberá saír co número "1", en tódalas probas nas que participe na tempada 2024. Para a primeira proba do ano, terase en conta a clasificación xeral final do 2023. Despois desta, as listas de inscritos confeccionaranse de conformidade a Clasificación xeral de pilotos no momento de elaborarse. No caso de vehículo de uso compartido, deben de mediar entre participantes do dito vehículo un mínimo de 10 participantes sempre que as circunstancias o permitan.

**8.5.** A orde de saída das probas, en todas as mangas, será de maneira descendente ou inversa, primeiro sairá o último dorsal e de último sairá o número 1. Nos casos de que un participante, por causas de forza maior debidamente xustificadas, non poida saír no seu posto, poderá solicitar saír noutra posición, caso no que os Comisarios Deportivos da proba decidirán se o autorizan ou non, tendo en conta tamén a Organización da propia proba.

### **ARTIGO 9: PREMIOS POR PROBA.**

**9.1.** Premios por proba:

1º	300,00 €
2º	200,00 €
3º	100,00 €
4º	90,00 €
5º	80,00 €
6º	70,00 €
7º	60,00 €
8º	50,00 €

**TOTAL: 950,00 €**

**9.2.** Trofeos por proba: Teranse que entregar polo menos Trofeos os 6 primeiros da Xeral Scratch e os tres primeiros de cada agrupación.

Tamén se lles entregará trofeos aos tres primeiros da Copa Debutantes.

### **ARTIGO 10: PREMIOS FINAL DE TEMPADA.**

Ó final da tempada, previo escrutinio dos resultados, outorgaranse os seguintes galardóns a:

#### **CAMPIONATO DE GALICIA DE SLÁLOM 2024**

Campión:	Trofeo de Ouro F.G.A.
Sub-Campión:	Trofeo de Prata F.G.A.
Campión Agrupación I:	Trofeo de F.G.A.
Campión Agrupación II:	Trofeo de F.G.A.
Campión Agrupación III:	Trofeo de F.G.A.
Campión Agrupación IV:	Trofeo de F.G.A.
Campión Agrupación V:	Trofeo de F.G.A.
Campión Agrupación VI:	Trofeo de F.G.A.
Campión Agrupación VII:	Trofeo de F.G.A.
Campión Copa Debutantes:	Trofeo de F.G.A.

### **ARTIGO 11: DESENROLO DA PROBA.**

A cronometraxe efectuarase á milésima de segundo, con aparatos dotados de células fotoeléctricas e cronoimpresoras, e obrigatoriamente deberá ser dobrado, empregándose así mesmo o programa informático facilitado pola F.G.A., para determinar as distintas clasificacións. A saída será dada a vehículo parado, motor en marcha. Só poderá haber un máximo dun vehículo na pista simultaneamente se a saída e a chegada se encontran no mesmo lugar. Poderá haber máis vehículos de forma simultánea no circuíto sempre e cando non exista a posibilidade de atoparse ó longo do percorrido. Neste caso, existirá un intervalo mínimo dun minuto entre as saídas dos vehículos. Poderase efectuar un recoñecemento sobre o vehículo nas mesmas condicións da carreira, a criterio do Organizador. En todo caso, débese dar ós pilotos a oportunidade de realizar o percorrido a pe, como mínimo. Co regulamento da proba, entregarase ós pilotos un plano detallado do percorrido. Recoméndase que o último obstáculo antes da chegada sexa un cono azul. De non cumprirse este requirimento, os dous últimos conos antes da chegada terán unha separación máxima de 6 metros. A distancia entre o último obstáculo e a chegada será como máximo de 10 metros.

Despois da chegada, instalarase o garaxe, e logo debe existir unha zona despexada e delimitada dun mínimo de 30 metros para permitir a freada dos participantes, que será a zona freado de emerxencia. Ningunha liña do percorrido excederá de 60 metros.

Será obrigatorio dispoñer dunha zona de quecemento de rodas entre o Parque de Trballo e a saída do circuíto. Quecer as rodas fóra desta zona habilitada supoñerá a exclusión da proba.

A zona de quecemento de rodas terá un mínimo de 40 metros de lonxitude e un máximo de 100 metros, con un ancho máximo de 3 metros. Estará debidamente sinalizada tanto no inicio coma no final, e terá que estar delimitada. Dentro desta zona só se permitirá acelerar e frear, quedando totalmente prohibido dar marcha atrás e dar volantazos ou conducir en zig-zag.

## **ARTIGO 12: SEGURIDADE.**

Os espectadores deberán estar en lugares delimitados, se é posible detrás dunha barreira capaz de deter un vehículo. Considérase ideal situar ós espectadores nunha zona elevada respecto á pista, deixar unha separación de ó menos 15 metros, entre o percorrido e os espectadores, se os vehículos pasan oblicua ou paralelamente nesta zona. Se se trata dun cambio de dirección ou de sentido, o cal se chegase perpendicularmente ós espectadores, a distancia mínima ideal será de 30 metros. Contarase con persoal, ou comisarios debidamente acreditados (peto, chaleco, etc.) en número suficiente para manter ós espectadores no seu lugar. Se existe megafonía, deberanse dar consignas de seguridade periodicamente. O Director da Proba e o Xefe de Seguridade Vial, de acordo cos Comisarios Deportivos e unha vez esgotadas as consignas, e consellos para o público, si persistirá na súa negligencia a hora de gardar as distancias de seguridade aconselladas polos Comisarios nomeados ó efecto, poderán suspender a proba quedando a clasificación determinada pola/s última/s manga/s completadas.

## **ARTIGO 13: REGULAMENTO, ACTAS E INFORMES.**

**13.1.** En cumprimento do estipulado para a aprobación dos regulamentos, as Entidades Organizadoras, deberán presentar os seus regulamentos particulares, á F.G.A., como mínimo 70 días antes da data prevista para o inicio da competición, e no que adxuntarán plano/croques, con medición en metros entre conos, do trazado do circuíto, para a súa conformidade e aprobación por parte da F.G.A., ademais das aceptacións dos cargos polos oficiais das probas, debidamente licenciados.

En cumprimento do establecido polo Ministerio do Interior, adxuntarase ó Regulamento Particular, plano/ruta de evacuación, de posibles feridos, así como plan de seguridade cando o trazado da proba saía do casco urbano e ocupe estradas pertencentes a Excmas. Deputacións, de réxime Estatal ou Autonómico. Cando unha proba non teña que cumprir o apartado anterior, a presentación do Regulamento Particular para a súa aprobación será como mínimo 30 días antes da data prevista para o inicio da proba.

**13.2.** As actas de clasificación, actas de Comisarios ou informes do Director da proba deberán presentarse debidamente numeradas e asinada, facilitar copia das mesmas ó Observador, e obrar en poder da F.G.A. nun prazo non superior a dous días a partir da data de publicación da clasificación.

**13.3.** Todas as probas que se soliciten, fora do prazo establecido, teñen que celebrarse antes da última que foi calendada na data que estableceu a F.G.A., para non dar lugar a manipulación do Campionato, abonando o dobre dos dereitos de calendario, de ser admitida a solicitude pola Comisión F.G.A.

## **ARTIGO 14: PARTICIPANTES.**

**14.1.** Os participantes deben de cumprir en todo momento as normas indicadas pola Organización da proba.

**14.2.** A Federación Galega de Automobilismo, poderá autorizar a participación de ata catro pilotos co mesmo vehículo, debendo facelos constar claramente a organización na lista de inscritos, diferenciando os números de competición, e os nomes dos pilotos, co abono correspondente da inscrición co correspondente seguro por cada participante.

**14.3.** Cando un participante non poida tomar a saída nalgunha das mangas(oficiais ou de adestramentos) no vehículo no que aparece na lista de autorizados, autorízase a que o faga no vehículo doutro participante, previa solicitude aos Comisarios Deportivos da proba e sendo necesaria a autorización destes. Neste caso, o dito participante aparecerá como abandono na clasificación oficial final da proba, así como das clasificacións das agrupacións e copa ou copas, no caso.

**14.4.** Está prohibido que un participante adiante a outro no caso de darlle alcance.

**14.5.** No caso de que por calquera motivo alleo ó participante non puidera facer o percorrido ó completo ou se vira obstaculizado, os Comisarios Deportivos considerarán se se lle autoriza a tomar a saída de novo na mesma manga.

## **ARTIGO 15: SEGUROS.**

Os organizadores contratarán unha póliza de seguros nas condicións marcadas pola F.G.A., que garanta unha cobertura mínima segundo a regulamentación vixente (Lei circulación). Deberá haber, como mínimo, unha ambulancia para evacuar posibles accidentados á que se entregará unha ruta de evacuación ata o centro ou centros sanitarios máis próximos, que deben estar previamente alertados.

É obrigatoria a presenza dun médico, a ser posible experto en salvamento e evacuación; así como dun equipo de excarceración. Deberanse prever sistemas de extinción no percorrido e no Parque Pechado. Deberá haber unha grúa/plataforma, capaz de apartar do percorrido un vehículo accidentado ou que non se poda mover polos seus medios.

## **ARTIGO 16: NÚMEROS E PUBLICIDADE OBRIGATORIA E OPTATIVA.**

**16.1.** O Organizador facilitará os números de competición coa publicidade obrigatoria, e máis, no caso de aceptarse, a publicidade facultativa.

**16.2.** O deseño do número de competición xunto coa publicidade obrigatoria terá que ser das seguintes dimensións:

Largo: 70 cmts.

Ancho: 17,5 cmts.

Número e placa 48 cmts.

Publicidade obrigatoria incluída no nº: 22,5 cmts.

**16.3.** As cifras que formen o número de competición serán de cor amarelo sobre fondo negro rectangular incluíndo publicidade obrigatoria.


**16.4.** Os números de competición sobre cada vehículo colocaranse nas portas dianteiras dos vehículos á altura do espello e por debaixo do cristal da porta.

**16.5.** A publicidade optativa dos organizadores das probas deberá de manter as seguintes dimensións máximas:

-Publicidade optativa porta dianteira 20x22,5 cmts.



## 16.6. Deseño:



### ARTIGO 17: RECURSOS MÉDICOS E SANITARIOS.

Considérase que debe de haber como mínimo, para que a proba se celebre e leve a cabo:

- 1 AMBULANCIA SVA (UVI - MÓBIL) Cumprindo normativa vixente.
- 1 MEDICO
- 1 DUE

### ARTIGO 18: PARQUE PECHADO E DE TRABALLO:

**18.1.** O Organizador deberá incluír no Regulamento Particular da súa proba un Parque Pechado, o cal será das dimensións adecuadas, estará protexido segundo o establecido no C.D.I. e nas Prescricións Comúns do Anuario 2024. O dito Parque Pechado será obrigatorio para os vehículos, unha vez pasadas as verificacións administrativas e técnicas, ata o comezo da proba. Tamén deberán ir a el obrigatoriamente cando un vehículo realizase a segunda manga oficial, salvo vehículos compartidos, caso no que só irá para Parque Pechado trala segunda manga oficial do derradeiro participante no dito vehículo. No caso de non poder montar un Parque Pechado, o Organizador pode solicitar o que se permita que o Parque de Traballo poida funcionar como Parque Pechado para aqueles vehículos que rematen a segunda manga oficial ou, no caso de vehículos compartidos, trala segunda manga oficial do derradeiro participante no dito vehículo. Esta solicitude, debidamente motivada, remitirse a FGA para que a Comisión de Traballo delibere sobre a posible solución.

Haberá comisarios debidamente licenciados para control e vixilancia de dito parque, para que estando os vehículos nel non poidan entrar persoas non autorizadas, tamén cando os vehículos están no Parque de Traballo en réxime de Parque Pechado.

O incumprimento destas normas por parte dos concursantes será penalizado con exclusión dos mesmos da proba. As asistencias por participante terán que estar en posesión da súa correspondente licenza acreditativa para poder acceder o Parque Pechado.

**18.2.** O Organizador deberá incluír tamén un Parque de Trballo de conformidade ao establecido no C.D.I. e nas Prescricións comúns do Anuario 2024.

Salvo nos casos citados no artigo 18.1, os participantes levarán os vehículos, unha vez finalizadas as mangas, ao Parque de Trballo, e permanecerán nel entre as mangas. No caso de precisar saír do Parque de Trballo, deben de solicitar aos Comisarios Deportivos o correspondente permiso, sen o cal poderán ser exclusión da proba.

**Artigo 19: CALENDARIO CAMPIONATO DE GALICIA DE SLALOM.**

DATA	PROBA	ESCUDERIA